

DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.
DÍA DA MÚSICA.
DÍA DA PALABRA.



CAMIÑO DE SANTIAGO
PROXECTO DE CENTRO
2022-23



LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL


MARE MAGNUM

Contra a violencia de xénero

A celebración do Mundial en Qatar está envolvida en certa polémica: as leis do país son máis restritivas para as mulleres que para os homes, limitando de maneira notable as súas opcións de vestimenta e de vínculos sociais. Estas mesmas leis que non contemplan o delito de violencia de xénero tamén castigan ata coa pena de morte a homosexualidade. Ademais fálase de explotación de inmigrantes para a construción de estadios... É Qatar un país para estar no centro da atención mundial? Esta polémica lévanos a considerar as distintas formas de violencia contra a muller que se dan no deporte: repasamos as brechas salariais, a escasa presenza de adestradoras profesionais e directivas en postos importantes, as cláusulas abusivas nalgúns contratos, a exhibición das deportistas como obxectos sexuais ou a reiteración de insultos machistas e sexistas contra árbitras e parellas mulleres dos deportistas nos estadios.



Xa temos gañadora no concurso de microrrelatos: **Iria Vázquez Gutiérrez** de 2 Bach A, con "A miña veciña do terceiro". Noraboa Iria.



A miña veciña do terceiro. Isabel é a miña veciña do terceiro. Parecía ter unha vida perfecta: un traballo de ensoño, un marido encantador e un gato adorable. Pero gardaba un segredo que ninguén coñecía: o marido perfecto era, realmente, un maltratador. Fai un mes, escoitei por primeira vez na televisión iso de "violencia de xénero", pero non entendín este termo ata hoxe.

Todo comezou cando na madrugada, percibín uns golpes procedentes do piso de arriba. Recoñecín a voz de Pepe, o marido de Isa, que se lamentaba entre berros. De súpeto, entrou a miña nai no meu cuarto e ordenoume ir para cama, porque era moi tarde. Aínda alarmado pola situación que acababa de contemplar, fíxelle caso e fun a descansar.

Ao día seguinte, atopei un periódico no chan cunha imaxe de Pepe. Recollíno e lin o titular: "Detido por estrangular á súa muller". Impresionado, comecei a ler o artigo. Ela contaba que era a primeira vez que a agredía fisicamente, pero non verbalmente, e que non sabía que o seu marido a maltrataba, porque ela o amaba. Cara o final da noticia, lin unha frase que cría escoitala antes: "violencia de xénero", e dende entón, entendíno todo.

(Iria Vázquez Gutiérrez)




O día 25 de novembro, logo dunha andaina, os membros da comunidade educativa reunímonos no patio a gardar un minuto de silencio polas vítimas



"Hombres necios que acusáis a la mujer sin razón sin ver que sois la ocasión de lo mismo que culpáis. (...) Siempre tan necios andáis que, con desigual nivel, a una culpáis por cruel y a otra por fácil culpáis. (Sor Juana Inés de la Cruz)"

Día da música

A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (Unesco) estableceu o **22 de novembro** como o Día Mundial da Música en honra a Santa Cecilia, Patroa dos Músicos. Santa Cecilia foi unha patricia romana que foi torturada e asasinada tras converterse ao cristianismo. O Papa Gregorio XIII nomeouna en 1584 Patroa dos músicos porque *demonstrara unha atracción irresistible cara aos acordes melodiosos dos instrumentos.* O seu espírito sensible e apaixonado por esta arte converteu así o seu nome en símbolo da música.




Santa Cecilia

Músicas no Camiño

O alumnado de 3 ESO fixo un repaso da produción musical ligada ao Camiño de Santiago. Nesta exposición podemos ver, e escoitar nos códigos QR, algunhas composicións medievais importantes recollidas no Códice Calixtino e outros cantos de peregrinos. As cancións de peregrinos son case tan antigas como a peregrinación e o culto xacobeo. A súa temática é moi variada: unhas abordan a dimensión espiritual da viaxe e o seu sentido relixioso, outras narran milagres acaecidos no camiño, alimentando a fe e a devoción, e outras son cantos de itinerario, que achegan gran información sobre o camiño, o roteiro a seguir, as cidades e lugares de paso, os hospitais de acollida, etc...

Ademais, nesta exposición o alumnado de 3 ESO presenta a reconstrucción dalgúns dos instrumentos inmortalizados polo Mestre Mateo no Pórtico da Gloria



Grabando

Os grupos de 1º Bach xa empezaron a grabar as súas cancións. Agradecemos a colaboración, indispensable, de Bea. En breve poderemos escoitar estas cancións e ver os vídeos. A temática? Non podía ser outra que o Camiño de Santiago.



O grupo de alumnas/o da ESO, baixo a dirección de Ana de la Torre, xa rematou a grabación do vídeo coa coreografía que presentan ao Certame **Coreografiate. Moita sorte!!**



Nerea Abeal

Subcampioa en Malta no Mediterranean Open Dance Fest 🙌🙌🙌



Papiroflexia



O alumnado de 1º Bach estivo traballando varias sesións con Laura Viñas neste arte que desenvolve a destreza manual, a coordinación, a paciencia, e a concentración visual e mental. Sabías que é un recurso perfecto para repasar as operacións de xeometría e simetría? E para comprender conceptos matemáticos como

a diagonal, o vértice, as rectas paralelas e as perpendiculares, entre outros...

Químicos na cociña

Un ano máis Guillín pon ao alumnado de 3º ESO a traballar "coas mans na masa". Os biscoitos máis valorados foron os destes grupos



Eleccións ao Consello Escolar


Os novos representantes son:

- Profesorado: Begoña Gómez, Micaela Rei e Montse Arza
- Alumnado: Marta Casteleiro (1º Bach) e Antía Martínez (3º ESO)
- Familias: Rocío García Fontán



Actividade económica ligada ao Camiño de Santiago

O alumnado de IAEE (4 ESO) repasa algúns aspectos da repercusión económica do Camiño de Santiago en Galicia.



Peligro Sánchez

Inaugurando exposición na Coruña



Arte no Camiño




O Arca Santa de Oviedo

A catedral de Oviedo converteuse durante a Idade Media no segundo centro de atracción de peregrinos de España, só por detrás do templo compostelán. As reliquias atesouradas na Cámara Santa, de entre as que destacan a Cruz da Vitoria, a Cruz dos Ánxos, o Arca Santa e o Santo Sudario, tiveron moito que ver niso. O feito é que moitos peregrinos que se dirixían a Santiago de Compostela seguindo o camiño francés desviábanse do seu camiño desde León ata Oviedo para contemplar reliquias como o Arca Santa. A Catedral de Oviedo considérase como a orixe do primeiro roteiro xacobeo, o hoxe coñecido como Camiño Primitivo. Conta a lenda que Alfonso II, tras coñecer o descubrimento da tumba do apóstolo, puxo rumbo de inmediato a Santiago de Compostela, no que se considerou a primeira peregrinación xacobeá, iniciada no templo ovetense. De feito, existe unha cuarteta sobre a Catedral de San Salvador de Oviedo e o Camiño de Santiago que di: "O que vai a Santiago e non ao Salvador, visita ao criado e deixa ao Señor"

Día internacional da palabra

Entre as celebracións máis peculiares, o Día Internacional da Palabra atopa un lugar especial. Festexada cada **23 de novembro**, converteuse nunha importante data en prol da loita contra a violencia.

Foi grazas á iniciativa que mantivo a Fundación César Egido Serrano ante a Organización das Nacións Unidas (ONU). O seu obxectivo? Promover o diálogo e a comunicación, mediante o uso da palabra, para dar por terminadas as diferenzas entre comunidades ou mesmo gobernos.



Neste día queremos recordar algunhas palabras especialmente relacionadas co Camiño De Santiago.

A	B	L	B	L	X	B	W	H	F	K	W	G	Y	C	<ol style="list-style-type: none"> HUMILLADERO BOTAFUMEIRO COMPOSTELA CREDECIAL BICIGRINO ALFORXA CAMARIN ULTREIA USEIA
W	Q	B	O	T	A	F	U	M	E	I	R	O	A	S	
B	R	C	J	G	X	Q	I	X	X	H	O	S	W	H	
H	O	R	A	G	R	K	J	B	H	Q	R	K	S	J	
A	Y	E	P	U	O	M	E	C	L	O	E	I	K	L	
M	E	D	S	S	F	W	U	A	A	M	D	O	N	F	
R	X	E	B	E	L	Y	N	L	M	S	A	M	O	Y	
X	H	N	D	I	A	D	E	S	D	N	L	V	R	R	
L	J	C	N	A	C	T	T	M	Q	G	L	A	O	Y	
W	T	I	D	U	S	I	C	X	C	A	I	B	H	G	
F	P	A	M	O	F	O	G	F	X	E	M	Q	C	J	
J	Q	L	P	V	Q	L	O	R	R	N	U	B	R	O	
C	A	M	A	R	I	N	V	T	I	M	H	B	P	L	
D	O	O	M	Y	J	W	L	F	J	N	C	E	A	E	
C	Q	D	H	T	X	U	L	D	U	X	O	B	Y	F	

Alforxa: Talego, bolsa, saco, mochila, morral.

Bicigrino: Termo co que se coñece a quen realiza algúns dos roteiros do Camiño de Santiago en bicicleta

Botafumeiro: Termo co que se coñece o gran incensario da catedral de Santiago de Compostela. Estamos, sen dúbida, ante o incensario máis famoso e grande do mundo e

ante o elemento da cultura xacobeana máis popular

Camarin: Capela pequena, situada detrás dun altar, na que se venera unha imaxe. En Santiago pódese subir pola parte posterior do altar para realizar o tradicional abrazo ao santo.

Compostela: Documento que acredita ter feito a peregrinación a Santiago de Compostela. Concédeo a catedral compostelá. Os seus antecedentes están na Idade Media, cando se utilizaron diversas fórmulas e medios -insignias, cartas probatorias, etc.- para certificar a realización da peregrinación ao volver ao lugar de orixe

Credencial: Documento co que o peregrino acredita esta condición ao longo do Camiño de Santiago. Permite obter a Compostela ao chegar á meta.

Humilladero: Nome do montículo de pequenas pedras de diversa dimensión situado en determinados puntos dos Camiños de Santiago. Os humilladeros teñen unha orixe variable, relacionado case sempre con motivos espirituais e antigas sinalizacións de itinerarios.

Ultreia e Useia: Populares expresións de ánimo, xúbilo e saúdo entre os peregrinos. Significan 'adiante!' 'arriba!', e foron propias dos camiñantes medievais

Conscientes da importancia da palabra, e para conmemorar este día, adiantámonos á elección da palabra do ano e convocamos á comunidade educativa para escoller a palabra máis representativa do 2022 no IES Mugardos. As palabras finalistas foron: Guerra, Verán, Chungo, Inflación, Bicicleta, Ucraína. E a máis votada foi **GUERRA**.

Cal é a palabra do ano no IES Mugardos?

La votación ha finalizado

Tratámosse de identificar aquilo que resume como se viviron colectivamente os últimos doce meses ou algún aspecto que sobresaíse, para ben ou para mal, na actualidade máis próxima ou global.


Creado por lecturamos

Creado hace 3 días

Ya han votado 173 personas

Bicicleta	1 (0.6%)
Chungo	51 (29.5%)
Guerra	65 (37.6%)
Inflación	21 (12.1%)
Verán	7 (4.0%)
Ucraína	28 (16.2%)

Votación / encuesta online por feredun.com



O neno 8.000 millóns

O **15 de novembro** deste ano acadamos a cifra de 8.000 millóns de habitantes no noso planeta, e fai só 35 anos **Mario Benedetti** escribía: "Nun día do ano 1987 naceu o neno Cinco Mil Millóns. Veu sen etiqueta, así que podía ser negro, branco, amarelo, etc. Moitos países, nese día elixiron o azar un neno Cinco Mil Millóns para homenaxealo e ata para filmalo e gravar o seu primeiro pranto.

Con todo, o verdadeiro neno Cinco Mil Millóns non foi homenaxeado nin filmado nin seica tivo enerxías para o seu primeiro pranto. Moito antes de nacer xa tiña fame. Unha fame atroz. Unha fame vella. Cando por fin moveu os seus dedos, estes tocaron terra seca. Cuarteada e seca. Terra con gretas e esqueletos de cans ou de camelos ou de vacas. Tamén co esqueleto do neno 4.999.999.999.

O verdadeiro neno Cinco Mil Millóns tiña fame e sede, pero a súa nai tiña máis fame e máis sede e os seus peitos escuros eran como terra exhausta. Xunto a ela, o avó do neno tiña fame e sede máis antigas aínda e xa non atopaba en si mesmo ganas de pensar ou crer. Unha semana despois o neno Cinco Mil Millóns era un minúsculo esqueleto e en consecuencia diminuíu en algo o horrible risco de que o planeta

100 anos de Tutankamon

O 4 de novembro de 1922, Howard Carter descubriu a tumba do novo faraón e pasou á historia como un dos principais descubrimentos arqueolóxicos da historia. Máis de 3.000 anos despois de ser enterrado, a cámara funeraria de Tutankamón

volvía ver a luz cando o británico Howard Carter asomouse e pronunciou: **Vexo cousas maravillosas!** As maravillas que volvían sentir a luz eran as da tumba real exipcia mellor conservada.

